

**Asistentes:**

***Equipo decanal***

Alonso Bacigalupe, Luis  
Cruces Colado, Susana  
Del Pozo Triviño, Maribel  
Figuroa Dorrego, Jorge Juan  
González Álvarez, M<sup>a</sup> Dolores

***Sector (A) Profesorado***

Agustín Guijarro, Javier de  
Álvarez Lugris, Alberto  
Báez Montero, Inmaculada C.  
Baxter, Robert Neal  
Becerra Suárez, M<sup>a</sup> Carmen  
Bueno Alonso, Jorge Luis  
Chas Aguión, Antonio  
Cortés Gabaudán, Helena  
Domínguez Castro, Luís  
Fariña Busto, M<sup>a</sup> Jesús  
Fernández Ocampo, Anxo  
Fernández Salgado, Xosé A.  
García González, Marta  
Gómez Clemente, Xosé M<sup>a</sup>  
Ledo Lemos, Francisco José  
Lorenzo García, M<sup>a</sup> Lourdes  
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia  
Miquel Vergés, Joan  
Montero Domínguez, Xoán  
Montero Küpper, Silvia  
Montero Reguera, José Francisco  
Navaza Blanco, Gonzalo  
Pereira Rodríguez, Ana M<sup>a</sup>  
Ribao Pereira, Montserrat  
Ripoll Delebourse, Virginia  
Rodríguez Barcia, Susana  
Rodríguez Guerra, Alexandre  
Rodríguez Vázquez, Rosalía  
Ruzicka Kenfel, Veljka  
Sánchez Trigo, M<sup>a</sup> Elena  
Seijas Montero, María  
Seoane Posse, Elena C.  
Solla González, Amparo  
Soto Andión, Xosé  
Suárez Briones, Beatriz  
Urdiales Shaw, Martín  
Veiga Díaz, M<sup>a</sup> Teresa  
Yañez Bouza, Nuria  
Yuste Frías, José

***Sector (B) Profesorado***

**Acta da Xunta de Facultade ordinaria celebrada o día 4 de xullo de 2019 ás 12.30 h en primeira convocatoria e as 13.00 h en segunda convocatoria no Salón de Actos da FFT.**

**ORDE DO DÍA**

**1. Aprobación de actas de sesións anteriores**

Actas pendentes de aprobar: ordinaria 12-3-19, extraordinarias do 21-3-19, 6-5-19, 7-6-19.

Apróbanse por asentimento

**2. Informe do decano**

a. Recordar ao profesorado o peche da Universidade do 7 ao 19 de agosto. Quen precise acceso, necesitará a tarxeta universitaria que se fai no Banco de Santander. Aínda non está o procedemento completo de acceso. Haberá unha instrucción de xerencia.

b. Regulamento TFG. Nos departamentos Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá e Tradución e Lingüística optouse por tribunais unipersoais para xulgar os TFG dos graos en Linguas Estranxeiras e Tradución e Interpretación respectivamente. Os outros departamentos da Facultade optaron por manter o tribunal de tres persoas para o grao en Ciencias da Linguaxe. Agora hai que reformar o regulamento do TFG. Traerase na vindeira XF.

c. Proxecto Steambach. Trátase dun proxecto de colaboración para o bacharelato de excelencia dos centros de ensino medio e os centros universitarios. Antes só atinxía a facultades de ciencias, pero agora tamén se incorporaron as doutras ramas. Recibíronse tres solicitudes de colaboración. Supón un certo traballo co profesorado, pero pode ser un medio de captación de alumnado.

d. Obras pendentes: A remodelación do decanato non se poderá facer ao longo do verán, senón máis tarde. Pode producir trastornos no funcionamento do mesmo.

e. Precisarase facer a reverificación do sistema de garantía de calidade (SGICC).

***Sector (C) Alumnado***

Bello Davila, Cristina  
Carrillo Rodríguez, Lara

***Sector (D) PAS***

Amosa Mendoza, Esther  
Otero Rey, María Belén

***Desculpas e ausencias xustificadas***

Alonso Alonso, Rosa  
Anaya Revuelta, Inmaculada  
Baltrusch, Burghard  
Bermúdez Montes, M<sup>a</sup> Teresa  
Bringas López, Ana  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Carmen  
Caneda Cabrera, M<sup>a</sup> Teresa  
Díaz Fouces, Óscar  
Galanes Santos, Iolanda  
Gómez Martínez, Alejandro  
Salceda Rodríguez, Hermes  
Llantada Díaz, M<sup>a</sup> Francisca  
Luna Alonso, Ana  
Luna Sellés, Carmen  
Martín Lucas, Belén  
Martínez Ínsua, Ana Elina  
Pérez Álvarez, Raúl Manuel  
Parada Diéguez, Arturo  
Pérez Guerra, Javier  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Quilis Sanz, M<sup>a</sup> José  
Rama Martínez, M<sup>a</sup> Esperanza  
Rifón Sánchez, Antonio  
Rodríguez Rodríguez, Beatriz  
Sueiro Justel, Joaquín  
Valado Fernández, Liliana

***Ausencias sen xustificar***

Abalo Dieste, Laura  
Álvarez Suárez, Vera  
Andrés Iglesias, Jesús  
Angueira Viturro, Anxo  
Arias Freixedo, Xosé Bieito  
Buceta Bugallo, Fuensanta  
Corvo Sánchez, M<sup>a</sup>. José  
Costas González, Xosé Henrique  
Candelas Colodrón, Manuel A.  
Dasilva Fernández, Xosé Manuel  
Diz Ferreira, Jorge  
Fernández Álvarez, M. Santiago  
Fernández Berciano, Enya  
Fernández Pena, Yolanda  
Fernández Rodríguez, Áurea  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
Gamallo Valladares, Andrea  
García Fonte, Nuria  
García-Miguel Gallego, José M<sup>a</sup>.  
Garrido Rodrigues, Carlos  
Gil Vicente, Alba  
Gómez Guinovart, Fco. Xavier

f. Xornadas de benvida para novo estudantado. Na FFT será o 5 de setembro e o día 6 será a propia universidade quen organice para o estudantado de todos os centros.

**3- Aprobación, se procede, do calendario académico da FFT**

Apróbase por asentimento.

**4. Aprobación, se procede, das guías docentes dos primeiros cursos dos graos da FFT**

Desde a Comisión de Calidade propónse que se envíe un escrito de queixa polo mal funcionamento do programa Docnet este ano. Silvia Montero indica que se quere abster. Procédese entón á votación para aprobar as guías.

Votos a favor 36

Votos en contra 0

Abstencións-1

Quedan aprobadas as devanditas guías docentes.

**5. Aprobación, se procede, das respostas ás alegacións da memoria de verificación do novo grao: “Filoloxías Galega e Española”**

Intervén o decano. Indica que hai tres documentos de alegacións (cf. Anexo).

- 1- Enviada polo decanato. Incluía cuestións de redacción (corrección ortotipográfica, linguaxe inclusiva).
- 2- Enviada polo director do departamento de Filoloxía Galega e Latina, como parte da comisión de redacción sobre unha cuestión de coherencia das fichas de certas materias. Cando se revisaron as fichas, esta decatouse que había discrepancia entre as fichas das materias de portugués e das demais. O que se propón é unificar a estrutura destas.
- 3- As enviadas pola Área de Calidade, de Grao e do Servizo de Xestión de estudos de grao. Algunhas son de tipo técnico, pero a máis importante é a alegación ao apartado 1 da memoria, que defende que o nome do grao debe ser “Grao en Galego e Español”. Hai outra d relativas á porcentaxe de materias optativas (apartado 5.1. da memoria).

As alegacións foron examinadas en Comisión de Calidade e esta propón, xunto co equipo decanal aprobación conxunta daquelas que teñen que ver con aspectos técnicos, independentemente de quen as presentara.

Apróbanse por asentimento as alegacións en relación con aspectos técnicos.

González López, Sixto  
González Maestro, Jesús  
Iglesias van der Woude, Miguel  
López González, María Rosa  
López Pais, Cristina  
Marcos Vázquez, Juan Antonio  
Nogueiras Justo, Francisco Manuel  
Peres Rodrigues, José Henrique  
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo  
Santos García, Mercedes  
Souto Rodal, Tania  
Torres Sotelo, Laura  
Vega Martínez, Lucía  
Veiga López, Daniel

Propónse o rexeitamento das alegacións presentadas pola Área de Calidade, de Grao e do Servizo de Xestión de estudos de grao para o apartado 6 (hai que contar no só co profesorado que imparte docencia no actual grao de Ciencias da Linguaxe), o apartado 5.6 (existe unha razón de ponderar cun 0%, que explica Alexandre Rodríguez) e o apartado 10 (por erro, a información que pide incluír xa figura na memoria).

Rexeitáanse por asentimento

Votaranse separadamente as relativas aos apartados 1, 5.1.

Alegación ao apartado 1 da memoria relativa ao nome do novo grao. Desde o equipo decanal e a comisión redactora deféndese que a Xunta de Titulación e Xunta de Facultade foron as que decidiron o nome e polo tanto non procede cambialo. Ademais, esta denominación é moi similar a do grao que existiu na FFT e que houbo que reformar. Aínda máis, en ningún momento durante a elaboración da memoria estas áreas da reitoría indicaran que ese era o nome supostamente pactado coa Xunta de Galicia como alegan no escrito.

Rexéitase por asentimento.

Alegación ao apartado 5.1. A porcentaxe do número de materias optativas sobrepasa o autorizado. Na lista as optativas están priorizadas, por se non se activaban. A proposta da comisión redactora é fundir os dous “Talleres” de Lingua galega e de Literatura galega nun só de Filoloxía galega e eliminar “Diversidad lingüística”. Apróbbase por asentimento.

Procédese á votación da memoria do grao en Filoloxía Galega e Española coas modificacións incorporadas polas alegacións aprobadas.

Votos a favor: 34

Votos en contra: 0


Abstencións: 3

Queda aprobada a memoria definitiva do grao en Filoloxía Galega e Española.

## 6. Rolda de intervencións

Elena Sánchez pregunta se o decanato ten información sobre os calendarios de entrega de actas de TFG e TFM. Farase a consulta.

Xosé María Gómez Clemente pregunta se hai orzamento para cambiar as fiestras do pavillón A. O decano responde que hai pouco diñeiro e que estas fóronse cambiando por fases e outras prioridades. Agora hai que automatizar as portas do pavillón B e A.



Carme Becerra quere manifestar a súa protesta porque sexa obrigatorio na universidade facer no banco de Santander as tarxetas da biblioteca.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión as 13.53 h.

Vigo, 4 de xullo de 2019

Visto e prace do Decano

A Secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

M<sup>a</sup> del Carmen Cabeza Pereiro  
segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do  
*Regulamento Interno da FFT*, 67 dos  
*Estatutos da Universidade de Vigo* e 26.3 e  
27 da *Ley de Régimen Jurídico de las  
Administraciones Públicas y del  
Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019.

A Secretaria da Facultade

M<sup>a</sup> Susana Cruces Colado